



ACTO SOLEMNE DE INVESTIMENTO DOUTOR HONORIS CAUSA

A UDC poderalles conceder o grao de doutoramento *honoris causa* ás persoas físicas que destaquen no campo da investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras, ou naquelas actividades que tivesen unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario no terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico e social de Galicia, e do mundo en xeral, en relación con Galicia.

A investidura como doutora ou doutor *honoris causa* poderá celebrarse nun acto académico específico e único, ou ben como parte doutro acto solemne da universidade. Se a reitora ou o reitor o decide, poderanse investir dúas ou máis persoas no mesmo acto.

Como norma xeral, a mesa presidencial estará composta por cinco persoas: a reitora ou o reitor, reitor(as) ou reitor(es) doutras universidades do Sistema Universitario de Galicia ou persoa en quen deleguen, e dúas persoas do equipo de goberno da UDC (unha delas con competencias en materia de estudos de doutoramento). En caso de circunstancias especiais, a reitora ou o reitor poderá modificar esta composición.

A persoa investida como doutora ou doutor *honoris causa* e quen exerza como madriña ou padriño, xunto coa secretaria ou secretario xeral, de ser o caso, situaranse nun lugar destacado.

O desenvolvemento do acto de doutoramento *honoris causa*, seguirá a seguinte orde:

1. Apertura do acto

- 1.1. Entrada da comitiva formada polas doutoras e doutores togados, que ocuparán os asentos reservados para eles no Paraninfo, seguidos polo equipo de goberno que ocuparán o lugar asignado, e pechando a comitiva os membros que ocuparán a mesa presidencial na seguinte orde: outras reitoras ou reitores, vicerreitoras ou vicerreitores e por último a reitora ou reitor da UDC, que presidirá o acto. Durante esta entrada poderá soar algunha peza musical por determinar
- 1.2. A reitora ou reitor declarará inaugurado o acto e daralle a palabra á persoa titular da Secretaría Xeral, que lerá a acta do Claustro da Universidade pola que se acorda a concesión do título de doutora ou doutor *honoris causa*
- 1.3. A secretaria ou secretario xeral, dende o atril, lerá a dita acta
- 1.4. Rematada a lectura, o reitor solicitaralle á secretaria ou secretario xeral que se dirixa a buscar e acompañar ao Paraninfo a persoa doutouranda e a súa madriña ou padriño que estarán agardando no exterior
- 1.5. Entrarán no Paraninfo na seguinte orde: a persoa que ocupa a secretaría xeral, a persoa doutouranda, e a madriña ou padriño que ocuparán os seus lugares. O Claustro e as persoas invitadas poñeranse de pé mentres se interpreta unha melodía

2. Pedimento e gabanza

- 2.1. A madriña ou padriño, dende o atril, solicitará ao reitor o permiso para expoñer os méritos da candidata a nova doutora ou novo reitor, que lle será concedido
- 2.2. Lectura da *laudatoria* pola madriña ou padriño, que remata coa petición formal á reitora ou reitor de que se lle outorgue a persoa doutora o grao de doutora ou doutor *honoris causa* pola UDC



3. Concesión

- 3.1. A reitora ou reitorponse en pé, cóbrease co birrete, e solicítalles ás persoas presentes no acto que se poñan en pé e que se cubran os togados
- 3.2. A reitora ou reitor, xunto coa madriña ou padriño e a nova doutora ou novo doutor achéganse á mesa onde están os atributos para a investidura.
- 3.3. A reitora ou reitor concede o grao de Doutora Honoris Causa

4. Investidura

- 4.1. A reitora ou reitor imponlle á nova doutora ou ao novo doutor os distintivos correspondentes ao grao na seguinte orde:
 - Colócalle o barrete
 - Entrégalle o libro do saber
 - Entrégalle as luvas brancas

5. Xuramento

- 5.1. A reitora ou reitor le a fórmula de xuramento
- 5.2. A persoa investida xura e/ou promete a súa lealdade á Universidade con todas as persoas asistentes en pé e as persoas doutoras revestidas descuberta

6. Imposición da medalla

- 6.1. A reitora ou reitor pronuncia a fórmula de imposición da medalla e entrega a nova doutora o diploma e imponlle a medalla
- 6.2. Aperta da reitora ou reitor á nova doutora ou novo doutor

7. Lección

- 7.1. A nova persoa graduada pide permiso á reitora ou o reitor para pronunciar dende o atril o discurso de agradecemento pola honra recibida que se lle concede.

8. Gratulatoria

- 8.1. Discurso da reitora ou do reitor dende o atril.
- 8.2. Ao remate do discurso, poderá haber unha actuación musical e, de seguido, todas as persoas asistentes poñeranse en pé para escoitar o Gaudeamus Igitur
- 8.3. Peche do acto por parte da reitora ou reitor
- 8.4. O públicoponse en pé coas persoas doutoras descubertas en sinal de respecto para escoitar o himno galego que pecha o acto
- 8.5. O acto darase por concluído e a comitiva académica abandonará o espazo na mesma orde na que entrou. As persoas asistentes estarán nos seus postos mentres a comitiva de persoas doutoras e autoridades se retira.

A Secretaría Xeral da UDC será a responsable de manter un libro rexistro específico no que figuren todos os nomeamentos de doutoramentos honoris causa. Neste rexistro quedará recollida unha dilixencia de nomeamento, asinada pola persoa titular da Secretaría Xeral, así como unha dilixencia de investidura asinada pola persoa investida.

Ademais, conservarase copia escrita da *laudatoria* realizada pola persoa que exerce de madriña ou padriño, así como da intervención da nova doutora ou doutor *honoris causa*. A ambos os textos daráselles a publicidade axeitada a través dos medios institucionais da universidade.